

O PP de Ames pide regular as antenas de telecomunicacións para protexer a paisaxe

Oliva Agra reclama un estudo técnico integral e criterios urbanísticos específicos para ordenar a instalación destas infraestruturas no municipio.

Ames, 9 de setembro de 2026. O Grupo Municipal do Partido Popular de Ames presentou unha moción, que se debaterá este xoves, para impulsar a regulación das antenas e infraestruturas de telecomunicacións no municipio, co obxectivo de compatibilizar o necesario despregamento das redes coa protección da paisaxe e a integración destas instalacións na contorna.

A proposta tamén pide establecer criterios urbanísticos e ambientais específicos para determinar a localización e as características destas infraestruturas, especialmente nas zonas de maior sensibilidade paisaxística e nas proximidades de núcleos residenciais.

O PP propón tomar como referencia experiencias doutros concellos galegos, como A Coruña, e aplicar a normativa autonómica de protección do territorio e as recomendacións do Instituto de Estudos do Territorio.

Entre as medidas plantexadas figuran favorecer a integración paisaxística das antenas, mediante solucións construtivas e materiais adecuados, e promover o uso compartido de infraestruturas existentes para evitar a proliferación innecesaria de novas torres.

“O despregamento tecnolóxico e a mellora das redes non poden traducirse nunha degradación visual e descontrolada da nosa contorna”, sinala Oliva Agra, quen defende que Ames avance cara a un modelo de crecemento tecnolóxico *“ordenado, equilibrado e respectuoso coa paisaxe e cos núcleos rurais”*.